

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia da arte	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

1. Introducción

Esta programación ten como marco legal o Decreto 157/2022 de 15 de setembro, polo que se establecen a Ordenación e o Currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, tendo en conta que o alumnado que remata o Bacharelato opta maioritariamente por presentarse ás probas da ABAU, nas cales a materia de Historia da Arte é obxecto de exame na fase específica, esta programación trata de axustarse o máximo posible ás directrices dadas polo grupo de traballo de Historia da Arte, de cara á preparación de dita proba.

O obxecto da materia de Historia da Arte é a análise do feito artístico nas súas múltiples facetas e dimensións, non só desde unha perspectiva histórica, mediante a contextualización cultural e temporal de estilos, obras e artistas, senón entendéndoo como unha manifestación da intelixencia e da creatividade humana.

A Historia da Arte, materia coa que o alumnado tomou xa contacto na educación secundaria obrigatoria a través dos contidos de materias como Xeografía e Historia, Filosofía, Latín, Música e Educación Plástica, Visual e Audiovisual, está estreitamente vinculada co logro dos obxectivos de etapa e co desenvolvemento das competencias clave, especialmente no que compete ao cultivo da sensibilidade artística e ao desenvolvemento de criterios estéticos, entendidos ambos como aspectos esenciais da formación integral do alumnado e do seu enriquecemento cultural e persoal. Esta formación, en tanto que implica a comprensión da forma en que ideas e emocións se comunican de forma creativa a través de diversas manifestacións artísticas e culturais, relaciónase directamente coa competencia en conciencia e expresión culturais.

Dun modo máis indirecto, a aprendizaxe da Historia da arte contribúe ao logro da madurez intelectual e emocional do alumnado, proporcionándolle o coñecemento de códigos e linguaxes e promovendo o desenvolvemento do seu propio xuízo e criterio estético. Ademais, a contribución desta materia ás competencias e obxectivos mencionados ha de procurar o coñecemento das realidades do mundo contemporáneo e do seu significado estético e a adopción dunha actitude construtiva con respecto á interpretación, protección e mellora do patrimonio cultural.

A materia está estruturada ao redor de tres eixes fundamentais: a análise, a comprensión histórica e a apreciación crítica das principais manifestacións artísticas, e das súas relacións co resto de dimensións e aspectos da cultura e a experiencia humana; a incorporación da perspectiva de xénero e, por iso, entre outros aspectos, da visibilización das mulleres creadoras habitualmente excluídas do canon dominante; e a educación para a preservación, mellora e uso sostible do patrimonio histórico-artístico, entendido como elemento de desenvolvemento económico, social, ambiental e cultural.

Os obxectivos da materia inclúen aspectos sobre o recoñecemento, estudo e análise da diversidade de manifestacións artísticas, o emprego básico das linguaxes artísticas e do vocabulario da disciplina, a identificación das diversas funcións atribuíbles á produción artística, así como á súa maior ou menor vinculación con diferentes movementos, xéneros, estilos, épocas e artistas, a diferenciación de cambios estéticos nas representacións do ser humano, a comprensión contextualizada das creacións culturais como reflexo da sociedade que as xerou, o coñecemento e protección do patrimonio histórico-artístico local, nacional e internacional, e a xa citada incorporación da perspectiva de xénero ao estudo histórico da arte.

A metodoloxía empregada supón, tamén, o deseño de instrumentos múltiples e diferentes con que valorar as accións que delimitan as competencias tendo en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

As situacións e contextos de aprendizaxes, dotarán de maior protagonismo o alumnado promovendo o traballo en equipo, procesos de indagación e investigación, creatividade e transferencia do coñecemento adquirido. As propostas didácticas inclúen metodoloxías en que se apliquen, entre outros aspectos, a análise e a valoración argumentada, así como o uso crítico e ético da información.

No contexto da PXA do IES Arcebispo Xelmírez I para o presente curso escolar, o Departamento de Xeografía e Historia ten encomendada a docencia de dous grupos de Historia da Arte de 2º de Bacharelato, os cales contan cun total de 35 alumnos/as repartidos do seguinte xeito: 12 en 2º Bach A e 23 en 2º Bach B. Existe un caso dun alumno con necesidades de Atención Educativa (Dislexia), as cales serán tidas en conta á hora de fixar obxectivos concretos tanto no que se refire á adquisición de coñecementos como ao desenvolvemento das destrezas propias da materia.

Neste curso a materia é impartida nos dous grupos por un docente do Departamento de Xeografía e Historia do IES

Arcebispo Xelmírez I: D. Antonio Rodríguez Otero.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar diferentes concepcións da arte ao longo da historia, seleccionando e analizando información diversa de forma crítica, para valorar a diversidade de manifestacións artísticas como produto da creatividade humana e fomentar o respecto por estas.	3				40	1-3		1-32
OBX2 - Recoñecer as diversas linguaxes artísticas como unha forma de comunicación e expresión de ideas, desexos e emocións, utilizando con corrección a terminoloxía e o vocabulario específico da materia, para expresar con coherencia e fluidez os seus propios xuízos e sentimentos e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais.	1-5	1		1	12-50	1	3	2-32
OBX3 - Distinguir as distintas funcións da arte ao longo da historia, analizando a dimensión relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética da obra de arte, da súa produción e a súa percepción, para promover unha apreciación global e un xuízo crítico e informado destes.					12-40	1-3		1-2-32
OBX4 - Identificar e caracterizar os principais movementos artísticos ao longo da historia, recoñecendo as relacións de influencia, préstamo, continuidade e ruptura que se producen entre eles, para comprender os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte e fomentar o respecto e aprecio das manifestacións artísticas de calquera época e cultura.					40	1-2-3		1-2-32
OBX5 - Identificar e contextualizar espacial e temporalmente as máis relevantes manifestacións e personalidades artísticas, analizando a súa contorna social, política e cultural, e os seus aspectos biográficos, para valorar as obras e aos seus artistas como expresión da súa época e ámbito social, apreciar a súa creatividade e promover o coñecemento de diversas formas de expresión estética.					31-40	1-2-3		1-2-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Coñecer e valorar o patrimonio artístico no ámbito local, nacional e mundial, analizando exemplos concretos do seu aproveitamento e as súas funcións, para contribuír á súa conservación, o seu uso comprometido a favor da consecución dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible e promoción como elemento conformador da identidade individual e colectiva, e como dinamizador da cultura e da economía.					40	1-2-3	1	1-2-32
OBX7 - Distinguir e describir os cambios estéticos e os diferentes canons de beleza ao longo da historia da arte, realizando análises comparativas entre obras de diversos estilos, épocas e lugares, para formarse unha imaxe axustada de si mesmo e consolidar unha madurez persoal que permita mostrar sensibilidade e respecto cara á diversidade superando estereotipos e prexuízos.					11-31-40	1-3		1-32
OBX8 - Integrar a perspectiva de xénero no estudo da historia da arte, analizando o papel que ocuparon a muller e a imaxe que dela se deu nos diferentes estilos e movementos artísticos, para visibilizar as artistas e promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes.	5				31	1-2-3		1-2-32

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Arte; función, tipos, técnicas	Entenderemos a actividade artística afondando no progreso das persoas ao longo do tempo, xa que ao tratarse dun instrumento de comunicación, permitiranos entender as circunstancias que propiciaron dita actividade e sobre todo o contexto onde xorde.	3	5	X		
2	A arte grega	Abordaremos o estudo de Grecia como primeiro territorio de Europa en destacar polo seu desenvolvemento artístico. Estudiaremos as tres etapas artísticas: arcaica, clásica e helenística, incidindo especialmente na etapa clásica en arquitectura e escultura.	11	10	X		
3	A arte romana	A arte romana, influenciada pola grega, será o transmisor do legado clásico por	8	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A arte romana	todo o mediterráneo, Europa e Próximo Oriente. Unha arte urbana de vital importancia, sen a cal non se entendería o fenómeno da romanización. Estudaremos os principais monumentos arquitectónicos da cidade de Roma e de Hispania, unha das primeiras provincias fóra de Italia.	8	9	X		
4	Arte paleocristiá e bizantina	Nesta unidade abordaremos na súa orixe, o cristianismo, coas súas manifestacións artísticas escasas nun principio. Explicaremos a división do Imperio romano en Occidente e Oriente, é dicir o Imperio Bizantino hasta o seu máximo esplendor durante o reinado de Xustiniano, no século VI.	6	5	X		
5	Arte prerrománica	Tras as invasións bárbaras e a caída do Imperio romano de Occidente, xorden reinos independentes, evolucionando de forma diferente. Os visigodos, asentáronse en Hispania, creando un reino independente con capital en Toledo. Os francos desenvolven a arte carolinxia ao tempo que en Asturias nace a arte asturiana. Para finalizar estudiaremos a arte mozárabe ou de repoboación do século X.	6	5	X		
6	A arte románica	Abordaremos a arte románica dos séculos XI e XII en Europa occidental, como un estilo con características comúns, considerado como a primeira arte de carácter internacional. Centraremos no estudo do románico en Galicia, coa Catedral de Santiago, e da arte cisterciense, co mosteiro de Oseira.	5	10		X	
7	A arte gótica	A mediados do século XII, na Ile de France, xorde un novo estilo que rompe coa tradición do románico: o gótico. Estudiaremos a época de construción das grandes catedrais europeas, o rexurdir das cidades e o auxe da burguesía. Estudaremos tamén a pintura dos primitivos flamengos do século XV, un renacer artístico que influirá na arte europea da época e posterior.	6	10		X	
8	O Renacemento	A principios do século XV comeza en Italia unha renovación das artes, baixo o patrocinio da Igrexa católica e de grandes familias que exerceron un forte mecenado artístico. Estudaremos os períodos do renacemento italiano (Quattrocento, Cinquecento e Manierismo), e a arte renacentista en España.	12	16		X	
9	O Barroco	A arte barroca abrangue desde finais do século XVI ata mediados do século XVIII. É	11	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	O Barroco	un estilo recargado con profusión de movemento e sentido teatral. Estudaremos a grande influencia da Igrexa contrarreformista e as realizacións das grandes monarquías absolutas. Centraremos a atención na análise das principais obras barrocas de Italia e de España.	11	12		X	
10	Goya	Goya tivo un papel decisivo na renovación da linguaxe artística. Estudaremos a súa obra e as diferentes etapas artísticas polas que pasou (rococó, neoclásica, romántica), relacionándoa coas súas circunstancias vitais e os principais acontecementos da España da súa época.	8	6			X
11	A arte do século XIX	O século XIX foi unha época de moitas transformacións. Os grandes imperios e os cambios sociais e ideolóxicos veranse reflectidos nas diversas correntes culturais. Centraremos o noso estudo nos movementos artísticos do Impresionismo e o Postimpresionismo.	8	9			X
12	A arte da primeira metade do século XX	O crecemento das cidades modernas, as consecuencias da Primeira Guerra Mundial e os avances científicos marcaron a evolución da arquitectura e das artes plásticas a través das vangardas.	9	10			X
13	A arte da segunda metade do século XX e comezos do XXI	A arquitectura continuará co seu camiño de exploración. Abordaremos as principais tendencias artísticas da segunda metade do século e descubriremos os novos medios expresivos: a cultura visual de masas	7	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Arte; función, tipos, técnicas	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	O alumnado é capaz de crear comentarios de obras artísticas utilizando as ferramentas propias para o análise dunha obra concreta: elementos técnicos, formais e estilísticos.	PE	90

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar mediante producións históricas propias e alleas a definición de arte como concepto histórico-cultural. Entender a arte como unha forma de comunicación cos seus propios códigos de transmisión	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O debate sobre a definición de arte. O concepto da arte ao longo da historia. - A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético. - Ferramentas para a análise da obra de arte: elementos técnicos, formais e estilísticos. Estudo iconográfico e significado, identificación, contextualización e relevancia da obra. A análise comparativa.

UD	Título da UD	Duración
2	A arte grega	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Clasificar e comparar mediante obras de diversas épocas a evolución da arte grega.	PE	90
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Analizar mediante fontes históricas de diversos tipos os antecedentes e a plenitude da arte grega, chegando ao helenismo.		
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras da arte grega e as diversas formas de manifestación.		
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte grega, incidindo nas influencias, préstamos e continuidades.	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Elaborar argumentos propios sobre a noción de beleza, comparando canons e obras de diversos tipos, estilos, épocas e lugares, apreciando a diversidade como fonte de enriquecemento, superando estereotipos e prexuízos, e promovendo a formación dunha imaxe axustada de si mesmo.	Demostrar mediante fontes históricas diversas o concepto de beleza, canon a partir de obras de diversos tipos, estilos e épocas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte. - A arte como instrumento máxico-ritual ao longo da historia. - O clasicismo grego: antecedentes, plenitude e helenismo.

UD	Título da UD	Duración
3	A arte romana	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Describir por medio de diversas fontes histórico-artísticas a arte de Roma como mecanismo de dominación e control.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Diferenciar comparativamente o valor propagandístico da arte romana analizando por medio de fontes artísticas as súas múltiples dimensións.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras da arte romana e as diversas formas de manifestación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte romana, sobre todo en Hispania, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.	TI	10
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Valorar a conservación e promoción do patrimonio artístico herdado da arte romana, sobre todo en Hispania e Gallaecia, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte como dispositivo de dominación e control: desde as primeiras civilizacións urbanas ata o século XIX. - Arte e romanización: a obra civil romana. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX. - Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos.

UD	Título da UD	Duración
4	Arte paleocristiá e bizantina	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Utilizar a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte paleocristiana e bizantina.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte bizantina e as diversas formas de manifestación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte bizantina e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.
- A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas.

UD	Título da UD	Duración
5	Arte prerrománica	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Utilizar a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte prerrománica.	PE	90
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte prerrománica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.		
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo prerrománico e as diversas formas de manifestación.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestación dos prerrománicos analizadas a través dos seus contextos históricos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte romana, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas e relacionar coa arte dos prerrománicos.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas. - A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.

UD	Título da UD	Duración
6	A arte románica	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Utilizar a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte románica.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo románico e as diversas formas de manifestación.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións do románico analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo no seu aspecto de dominación e control.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte románica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.	TI	10
CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte prerrománica, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Recoñecer por medio do estudio de obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, da importancia da conservación e uso da arte románica en España e Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte como dispositivo de dominación e control: desde as primeiras civilizacións urbanas ata o século XIX. - A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas. - A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica. - O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sostibles. Museografía e museoloxía.

UD	Título da UD	Duración
7	A arte gótica	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Utilizar a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte gótica.	PE	90

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo gótico e as diversas formas de manifestación.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte gótica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas. - A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica.

UD	Título da UD	Duración
8	O Renacemento	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Describir por medio de diversas fontes histórico-artísticas que préstamos e influencias exerceu a arte do renacemento.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función social, política e relixiosa da arte renacentista.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do renacemento e as diversas formas de manifestación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións do renacemento, analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo no seu aspecto de mecenado e coleccionismo		
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte do renacemento, incidindo nas influencias, préstamos e continuidades.	TI	10
CA2.4 - Elaborar argumentos propios sobre a noción de beleza, comparando canons e obras de diversos tipos, estilos, épocas e lugares, apreciando a diversidade como fonte de enriquecemento, superando estereotipos e prexuízos, e promovendo a formación dunha imaxe axustada de si mesmo.	Demostrar mediante fontes históricas diversas o concepto de beleza, canon a partir de obras de diversos tipos, estilos e épocas.		
CA4.2 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Recoñecer por medio do estudo de obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, da importancia da conservación e uso da arte renacentista en España e Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte. - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte renacentista: Quattrocento e Quinquecento. O Renacemento en España: Juan de Herrera e O Greco. - Pintura e perspectiva: a conquista da terceira dimensión. - Arte e identidade individual: a necesidade de representarnos. A imaxe do corpo humano. O xénero do retrato. A evolución na imaxe do artista. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica. - Arte, mecenado e coleccionismo como elementos de diferenciación social.

UD	Título da UD	Duración
9	O Barroco	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Utilizar a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte barroca.	PE	90
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función relixiosa e propagandista da arte barroca e a creación de espazos arquitectónicos.		
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do barroco e as diversas formas de manifestación.		
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte do barroco, incidindo na linguaxe artística como comunicación.	TI	10
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Identificar mediante traballos de investigación as principais figuras femininas dentro do barroco.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte barroca, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético. - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Barroco e Contrarreforma en Italia e España: obras esenciais en arquitectura, escultura e pintura. Arquitectura barroca galega. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX. - A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte. - Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos.

UD	Título da UD	Duración
10	Goya	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Describir por medio de diversas fontes histórico-artísticas que préstamos e influencias ten a arte de Goya, así como a influencia que terá o artista en varios movementos posteriores da arte contemporánea		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a visión ilustrada de Goya e a crítica á sociedade española do seu tempo	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras das tres etapas artísticas de Goya, explicando a evolución do artista e sinalando as principais características de cada unha		
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar mediante producións históricas propias e alleas a importancia de Goya na historia da arte universal		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte de Goya, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte. - O papel das academias no século XVIII. O neoclasicismo. - Arte e intervención no territorio: o urbanismo como arte. - Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos.

UD	Título da UD	Duración
11	A arte do século XIX	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Distinguir mediante diversas fontes histórico-artísticas a variedade de códigos e linguaxes, sentimentos e emocións durante o século XIX.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do XIX e as diversas formas de manifestación.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións do século XIX, analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo nos seus aspectos.		
CA3.3 - Coñecer e analizar criticamente a imaxe que se deu da muller na historia da arte, mediante a análise comparativa de obras de distintas épocas e culturas nas que se representen figuras, roles, símbolos e temas relacionados coa feminidade.	Subliñar mediante o estudo de diferentes fontes histórico-artísticas o tratamento da imaxe que se deu da muller durante esta época artística comparándoa con outras.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte como idioma de sentimentos e emocións. A natureza e a representación das emocións. O romanticismo. - Pintura española do século XIX: Goya. - A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o pensamento ilustrado ata o século XIX. O realismo. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - A pintura impresionista. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.

UD	Título da UD	Duración
12	A arte da primeira metade do século XX	10

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar mediante producións históricas propias e alleas a arte como unha forma de dominación e control cos seus propios códigos de transmisión.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte das primeiras vangardas e as diversas formas de manifestación.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións da primeira metade do século XX, analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo nos seus aspectos.		
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte das primeiras vangardas.	TI	10
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Identificar mediante traballos de investigación as principais artistas femininas dentro da arte da primeira metade do século XX.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte da primeira metade do século XX, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - Vangardas e novas formas de expresión.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A arte como dispositivo de dominación e control: desde o século XIX á sociedade contemporánea. - A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte. - Arquitectura do século XX. Principais arquitectos do século XX.

UD	Título da UD	Duración
13	A arte da segunda metade do século XX e comezos do XXI	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar mediante producións históricas propias e alleas a arte como valor propagandístico, como medio de progreso, como expresión cos seus propios códigos de transmisión.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte das segundas vangardas e as diversas formas de manifestación.		
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Identificar mediante traballos de investigación as principais figuras femininas dentro das segundas vangardas e os comezos do século XXI.	TI	10
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Recoñecer por medio do estudo de obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, da importancia da conservación e uso da arte en España e en Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o século XIX á actual sociedade de consumo. - A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o século XX á actualidade. - A arte como expresión dos avances tecnolóxicos: desde a Revolución Industrial ata a era dixital.

Contidos

- Arte e realidade: imitación e interpretación. A revolución da fotografía e do cinema.
- A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte.
- Arquitectura, urbanismo e deseño sostible. A contribución da arte aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Arte e medio ambiente.
- O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sostibles. Museografía e museoloxía.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Hª da arte, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (apuntamentos colgados na aula virtual e materiais diversos proporcionados polo profesor) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo docente. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o docente despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesor deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais e en concreto da Historia da Arte o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor
Aula virtual do centro
Portfolio do alumnado
Fichas fotocopiáveis
Presentacións tradicionais ou interactivas por medio de webs e apps

Material audiovisual
Gamificación
Novela histórica e novela gráfica

Para a práctica e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe non contaremos con libro de texto, pero si con múltiples e variados recursos didácticos.

En primeiro lugar, os apuntamentos subministrados polo docente, cos contidos teóricos de todas as unidades que se van traballar ao longo do curso. Ditos apuntamentos complementáanse con outros materiais:

- Presentacións elaboradas tanto de xeito tradicional como empregando aplicacións interactivas
- Selección de documentos de diversa natureza para cada un dos temas abordados
- Vídeos documentais e explicativos de algúns dos contidos tratados ao longo do curso
- Ligazóns a webs de interese, repositorios de recursos e actividades....

Este material estará accesible no correspondente curso da materia na aula virtual do centro, a través do cal tamén se poderán facer propostas de tarefas individuais ou en equipo.

Recomendaranse libros e novelas gráficas, recursos que resultan moi atractivos para o alumnado. Por outra banda, en momentos puntuais, poderase recurrir á gamificación por medio de cuestionarios propios ou alleos (accesibles a través de aplicacións como Kahoot ou Quizz) e que contribúen a dar un punto divertido e lúdico ao proceso de ensino-aprendizaxe.

É recomendable que o alumnado conte cun caderno ou portfolio de traballo da materia onde plasmará os seus propios apuntamentos, esquemas, resumos, comentarios e tarefas, se ben neste nivel educativo dito caderno non será avaliado polo profesor.

En resumo, empregaranse diferentes materiais didácticos, tanto tradicionais como TICs, buscando a maior diversificación posible para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe e intereses do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

A proba inicial ou diagnóstica realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Un instrumento desta avaliación inicial pode ser unha proba que conste dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Historia da Arte, que ademáis permitirán avaliar a coherencia e corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de comentarios de obras artísticas, sínteses ou esquemas de contextos histórico-artísticos, mapas conceptuais... que permitirán coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos neste área.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual. Os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	3	11	8	6	6	5	6	12	11	8
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	7	100
Proba escrita	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10

Criterios de cualificación:

Nas unidades didácticas establécese o peso orientativo que se lle da aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe do 90%, ponderándose as táboas de indicadores cun 10%.

Realizaranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación. Con carácter xeral seguirán o modelo das probas ABAU: definición de termos artísticos e comentario de obras de arte (identificación, encadramento no contexto histórico-artístico, análise e comentario da lámina). Como non sempre se poderá dispoñer do tempo necesario para a realización dun exame idéntico ao das ABAU, poderá separarse en xornadas distintas as probas de definición de termos e as probas de comentario de obras de arte. Nas probas escritas irá indicado o valor de cada pregunta e puntuarase sobre 10. Estas probas escritas, como xa queda dito, suporán un 90% da nota de cada avaliación.

As Táboas de Indicadores (10% da nota) comprenderán fundamentalmente tarefas relativas á práctica da análise e comentario de obras de arte e a realización de pequenos traballos sobre algún aspecto da materia de Historia da Arte. Valorarase así mesmo a participación na dinámica diaria da aula.

A nota de cada avaliación será o resultado do seguinte cálculo: media dos exames (comentario de obras de arte: 80%; definición de termos artísticos: 20%) x 0,9 + nota media das T.I. x 0,1.

A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.

En canto a nota final do curso, será o resultado da media aritmética das notas de cada avaliación. Considerarase superada a materia se a nota é igual ou superior a 5 puntos. En caso contrario, o alumnado terá que presentarse a unha proba extraordinaria que seguirá o modelo ABAU.

No boletín de notas, que só admite números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:

- Se o alumno ou alumna obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribirase esta sen alteracións nas actas
- Se o alumno ou alumna obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcripción nas actas de avaliación redondearase ao número enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de 6 (exemplo: 8,6 se transcribiría nas actas coma un 9), sempre que a nota chegue ou supere o 5; redondearase ao enteiro inferior no caso de que as décimas teñan un valor inferior a 6 (exemplo: 8,5 ou 8,4 se transcribirían coma un 8).

Se un alumno ou alumna é descuberto copiando nun exame, falando cos compañeiros/as ou utilizando sistemas electrónicos, cualificaráselle dita proba cun 0.

Criterios de recuperación:

O alumnado que ao longo do curso non acade os obxectivos reflectidos nesta programación poderá realizar exames de recuperación. Estas probas levaranse a cabo segundo o criterio do docente que imparte a materia. A nota obtida na recuperación será a que compute para calcular a nota final da avaliación ordinaria. Dita nota corresponderase co 90% do valor da cualificación final da avaliación ou avaliacións examinadas, á que se lle sumará o 10% das notas referidas ás T.I. correspondentes.

En todo caso haberá unha proba de recuperación parcial (de unha ou como máximo dúas avaliacións suspensas) ou total (a materia impartida ao longo de todo o curso) ao final da terceira avaliación.

Despois da realización das probas da avaliación ordinaria (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaranse actividades de reforzo. O profesor poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia. Así mesmo, o alumnado que superou a materia na avaliación ordinaria poderá asistir á clase co fin de preparar o exame das ABAU.j

O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación a través da web do centro e na aula virtual de cada grupo. Tamén se explicarán de viva voz nas aulas ao inicio do curso e procuraráse que o alumnado os comprenda. En canto ás familias, poderán acudir á páxina web do centro onde se publicará esta programación.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historial académico, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, así como os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Implementaranse as medidas oportunas para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH. adaptaranse os tempos de realización das probas escritas e estableceranse os apoios que aseguren a súa correcta avaliación. De igual xeito, buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados preto da mesa do docente e, na medida do posible, a carón de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten aos niveis do seu alumnado. O proceso de avaliación serviranos tamén para facer o tratamento diferenciado ao distinto alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos adecuados ao alumnado.

En xeral, procuraráse proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital		X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico			X					X
ET.5 - Educación emocional e en valores		X		X		X		X
ET.6 - Convivencia: respecto pola diversidade étnica, cultural e igualdade de xénero		X						X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X		
ET.5 - Educación emocional e en valores	X		X		X
ET.6 - Convivencia: respecto pola diversidade étnica, cultural e igualdade de xénero	X		X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos-artísticos.

A comunicación audiovisual será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

Importante na materia de Historia da Arte será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións de interese	Relacionadas co currículo da materia, sen periodización fixa	X	X	X
Visita da Catedral de Santiago e o Pórtico da Gloria	Actividade complementaria programada ao inicio do curso	X		
Roteiro histórico-artístico polo Santiago barroco	Actividade complementaria programada ao inicio do curso		X	

Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula, previa á saída, da UD correspondiente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avaliación das aprendizaxes: avalía segundo os criterios de avaliación da programación
Adecuada temporalización das unidades e dos contidos
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empréganse diferentes instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia
Planifica, ensina e avalía
Eficacia e variedade das actividades e recursos
As explicacións son axeitadas ao grupo clase
Atende e resolve as dúbidas
A práctica docente é innovadora
Medidas de atención á diversidade
Diversidade de recursos

Clima de traballo na aula

Consigue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras

Descrición:

O profesorado avalía tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os contidos, competencias, obxectivos e criterios de avaliación do currículo da materia permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes valóranse a partir dos indicadores de logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto dos obxectivos marcados.

Este feito tamén lle permite aos docentes avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptaron ao longo da súa práctica educativa, para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continúa. A avaliación docente terá como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado. Os obxectivos e criterios de avaliación permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno ou alumna individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas do alumnado para que poida alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha rúbrica da práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación da unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
- Exposición da información. Claridade nas explicacións do docente, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen ao alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos contidos e dos obxectivos adquiridos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que impartan as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento.

Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.

- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4:

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4:

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
 5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
 6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
 7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
- Finalmente, na Memoria Final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias, para poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados